

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE XUÑO DE 2016

LICENZAS FAVORABLES.-

LIC/383/2016.- MARÍA VÁZQUEZ PUENTE.- Conceder licenza para executar as obras de cerramento e cubrición de balcón existente en rúa da Raxeira nº 4.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a executar as obras de cerramento e cubrición de balcón existente en rúa Raxeira, 4. LIC/383/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da disolución da Xunta de Compensación do SUNP-4. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do convenio de colaboración para o financiamento da construción dun aparcadoiro municipal en superficie e unha zona reservada para depósito municipal de vehículos no ámbito do Parque Empresarial da Sionlla, na parcela EQ-1. Apróbase o convenio entre o Concello e Visecorsa, SLU, que será asinado no prazo de tres meses desde a súa notificación. A través do acordo, Visecorsa comprométese a financiar a construción dun aparcadoiro municipal en superficie e unha zona para depósito municipal de vehículos nunha parcela de titularidade municipal, para o que aporta irrevogablemente ao Concello a suma total de 400.812,50 euros. O Concello acepta esta achega, co compromiso de manter durante un prazo de 15 anos unha parte da citada parcela destinada a aparcamento de uso público, cunha capacidade de cando menos 231 prazas de aparcadoiro. O prazo previsto para executar as obras é de seis meses.

5.- Recepción de obras. Apróbase a proposta.

6.- Proposta da Alcaldía relativa a diversas devolucions de fianzas. Apróbase a proposta.

8 A 79.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

80.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á estimación dun recurso de reposición interposto contra o imposto sobre o aumento de valor dos terreos,e concesión dunha bonificación do 95%. Apróbase a proposta.

81.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas por saneamento e depuración de augas residuais,subministración de auga e conservación de contadores, e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

82.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais. Adxudícase o contrato para a prestación do servizo á empresa ARGO NERGA SL, por un importe de 14.795 euros/ano máis IVE, ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas. Ademais, a empresa comprométese á realización dun tratamento de desinfección

e desinfectación na totalidade das instalacións obxecto do contrato, sen custo algún para o Concello.

83.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade relativa ao inicio do procedemento de contratación para o servizo de xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación do servizo mediante procedemento aberto, e establecendo un tipo de licitación de 48.733,89 euros/ano máis IVE.

84.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á reparación do vehículo matrícula 5183 CDR do servizo de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela. Apróbase a contratación da reparación do vehículo á empresa ROSENBAUER ESPAÑOLA SA, por un importe de 18.788,37 euros, IVE aparte.

85.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do programa "Compostela Móvese 2016". Apróbase o programa de actividades, e o gasto correspondente de 135.000 euros.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á nova concesión de uso das hortas municipais de Caramoniña, A Almáciga e Brañas de Sar. Apróbase a proposta.

2.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación da Ordenanza de garantía básica cidadá do Concello de Santiago. Apróbase a proposta.

3.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do expediente a apertura do procedemento de adxudicación do Deseño, produción montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e 3 de xullo, das festas do Apóstolo 2016. Apróbase a proposta. O tipo de licitación queda establecido en 180.000 euros, máis IVE do 21 %.